

Éxito

Por fin, a secuencia saíra perfecta. De súpeto, escoitou os aplausos de toda a xente alí presente, e nese intre soubo que ao fin conseguira chegar a esa perfección que tanto tempo levaba buscando e que moito esforzo lle levara. Así podería obter dunha vez ese prestixio polo que levaba loitando dende os seus comezos na sétima arte. Este era un mundo cheo de inxustizas e liderado por homes, que se encargaban de botarte se non seguías o seu guión. Cando as loanzas remataron e tivo que marcharse, notou algo estraño que a inquietou, pois ela ben sabía o tóxica que era a xente cara ós seus éxitos. Mentres saía, escoitou un estoupido e sentiu unha forte dor no peito. E así, estando no cume da súa carreira, caeu morta. Eran as cinco da tarde do 3 de xullo de 1957.

Lucía Fernández Gándara 3ºC